


GUÍA DIDÁCTICA

Letras Galegas 2020



Roberto Casal




ÍNDICE

○ Biografía	3
○ Actividades – Lámina 1	7
○ Actividades – Lámina 2	9
○ Actividades – Lámina 3	11
○ Actividades – Lámina 4	12
○ Actividades – Lámina 5	14
○ Actividades – Lámina 6	15
○ Actividades – Lámina 7	17
○ Actividades – Lámina 8	18
○ Actividades – Lámina 9	19
○ Actividades – Lámina 10	22
○ Actividade final	23
○ Conclusión	24
○ Agradecementos	24
○ Bibliografía e Webgrafía	25

BIOGRAFÍA

RICARDO CARBALLO CALERO nace en Ferrol (A Coruña) no ano 1910. Logo de pasar a infancia e adolescencia na súa cidade de nacemento, marcha a Santiago de Compostela, no ano 1926, para cursar as carreiras universitarias de Dereito e Filosofía e Letras.



É na capital de Galicia, onde entra en contacto co galeguismo e comeza a estudar e divulgar o patrimonio cultural galego a través do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Esta etapa universitaria é, para Carballo Calero, un momento da súa vida marcado pola política, formando parte do movemento nacionalista e de diferentes asociacións activistas estudiantís.



Cando tiña 21 anos, fundou o Partido Galeguista xunto con outros nacionalistas da época. Por aquela época, tamén participou na elaboración do anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia (1936).

De 1933 a 1936 volve a Ferrol e ocupa unha praza de auxiliar administrativo no concello desta cidade. É neste momento cando casa con María Ignacia Ramos, a que fora a súa compañeira na universidade.



Nestes anos realiza diferentes colaboracións con moitas das revistas

literarias da época, entre as cales cabe destacar a revista "A Nosa Terra", a revista "Nós" (dirixida por Vicente Risco), as revistas Galiza, Resol e Universitarios entre outras.

Despois de pasar estes 3 anos na súa cidade natal, marcha a Madrid para facer as probas para poder traballar de mestre de



lingua e literatura española en institutos, onde é sorprendido polo estalido da guerra civil (1936). Carballo Calero participou no conflito a favor da República na defensa de Madrid. Unha vez rematada a guerra,

é condenado a 12 anos de cárcere por separatista.

Foi en 1941 cando puido saír do cárcere en liberdade provisional e regresou novamente a Ferrol. Como estaba inhabilitado para exercer a función pública, uns anos máis tarde, un amigo ofreceulle a oportunidade de traballar na escola privada Fingoy de Lugo, na que exerceu como conselleiro delegado entre os anos 1950 e 1965. Durante todo



este tempo compaxinou a súa labor docente coa de investigador.

Xa en 1958 foi nomeado membro da Real Academia Galega e, 7 anos máis tarde, cando se lle permitiu volver a exercer cargo público, consegue traballar como docente no Liceo Rosalía de



Castro de Santiago de Compostela ao mesmo tempo que imparte aulas de galego na universidade. No ano 1972, accedeu á cátedra de Lingüística e Literatura Galega, onde traballou ata que se xubilou 8 anos despois. A pesar de estar xubilado, seguiu mantendo a súa actividade creadora, de tal xeito que en 1984 recibiu a distinción da Medalla Castelao e, en 1987 obtivo o Premio da Crítica de Narrativa Galega pola súa obra *Scórpio*.







ACTIVIDADES – LÁMINA 1

Con esta lámina arranca a viaxe de Carballo Calero así que, subide á locomotora e preparádevos para desfrutar...

1) Carballo Calero naceu en Ferrol, e pasou a súa infancia nunha casiña moi preto do porto. Aquí tedes uns peixes para colorear e picar e, despois colocar sobre lámina.





2) Ferrol está situado ao noroeste de Galicia. Recorta e pega a locomotora en Ferrol para que Carballo Calero poida iniciar a súa viaxe.



3) Na época na que naceu Carballo Calero, Ferrol estíbese a modernizar (electrificación, auga potable, alcantarillado,...). Une cada unha das melloras que estaban a ocorrer en Ferrol coas cousas que podería facer Carballo Calero a partir dese momento.

ALCANTARILLADO



AUGA POTABLE



ELECTRIFICACIÓN





4) Na época na que naceu Carballo Calero Ferrol comeza a mellorar as súas comunicacións e medios de transporte. Investiga sobre a cidade de Ferrol (na actualidade) e di se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- Ferrol é unha cidade con porto comercial.
- Ferrol dispón dun servicio de metro con 15 paradas.
- Ferrol está situado ao norte da provincia de A Coruña.
- Ferrol ten unha estación de trens e outra de autobuses.

ACTIVIDADES – LÁMINA 2

Na 2ª etapa da viaxe de Carballo Calero prodúcese un cambio de domicilio e de actividade.


- 1) Atopa o camiño para chegar a Santiago de Compostela dende Ferrol. Tes 2 niveis de dificultade.



Ferrol
Santiago de Compostela



- 2) Na lámina podes ver a figura das “Marias” situando no mapa a cidade de Santiago de Compostela. Intenta reproducir esta escultura típica desta cidade a partir da súa silueta.




- 3) Na etapa que representa esta lámina, Carballo Calero entra en contacto co galeguismo e cos movementos culturais da época, especialmente co Seminario de Estudos Galegos (SEG). Podes investigar un pouquiño máis sobre este movemento galeguista no seguinte enlace: https://es.wikipedia.org/wiki/Seminario_de_Estudos_Galegos
Agora completa a seguinte táboa:

SECCIÓNS DO SEG	PRESIDENTES
1. Filoloxía	
2. Arte e Letras	
3. Etnografía	
4. Historia	
5. Prehistoria	
6. Xeografía	
7. Historia da Arte	
8. Historia da Literatura	
9. Pedagogía	
10. Ciencias Aplicadas	
11. Ciencias Naturais	
12. Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas	



- 4) Aquí podes ver o carné do SEG de Carballo Calero. Anímate e elabora o teu propio carné tomando como exemplo este.



ACTIVIDADES – LÁMINA 3

Esta lámina representa a 3ª etapa, na que Carballo Calero regresa á súa cidade natal, Ferrol.

- 1) Carballo Calero ocupa unha praza de auxiliar administrativo no Concello de Ferrol. Colorea os utensilios que usaría para desenvolver o seu traballo.





- 2) Carballo Calero casa con unha compañeira de universidade. A ver se es quen de descifrar o seu nome colocando as vogais no sitio correcto:



M _ R _ _ _ G N _ C _ _ R _ M _ S

- 3) Nesta época realiza numerosas publicacións en diferentes revistas literarias da época. Imita a Carballo Calero e inventa unha noticia que podería ser publicada nunha revista literaria na actualidade.
- 4) Atopa, nesta lámina, o nome de 3 revistas literarias moi importantes nas que Carballo Calero fixo diferentes publicacións.
- 5) Na lámina podes ver un anaco dun poema de Carballo Calero. Despois de lelo contesta as seguintes preguntas:
- Que queredes dicir Carballo Calero con estes versos?
 - A quen pensas que llo puido dedicar?
 - Que sentimento te inspiran os versos?
 - Intenta engadir outros catro versos que continúen a historia.

ACTIVIDADES – LÁMINA 4

Na 4ª etapa desta viaxe, Carballo Calero atópase en Madrid onde é sorprendido polo estalido da guerra civil.

- 1) Colorea Galicia e Madrid neste mapa de España. Traza a ruta máis corta para chegar dende Galicia a Madrid e indica por cantas comunidades autónomas hai que pasar. Indica tamén todas as provincias que poderías visitar no camiño.





- 2) Cando remata a guerra civil é condenado a 12 anos de cárcere e trasládano ao cárcere de Xaén. Sitúa esta cidade no mapa. A que comunidade autónoma pertence?



- 3) No ano 1941 sae do cárcere. Pica a fiestra deste cárcere para que Carballo Calero poida saír.

CÁRCERE DE XAÉN





ACTIVIDADES – LÁMINA 5

A 5ª etapa da viaxe de Carballo Calero caracterízase pola volta a Galicia logo de saír do cárcere.



- 1) Cando Carballo Calero regresou a Ferrol non puido recuperar o seu traballo. Despois de ler a lámina contesta a estas preguntas:
 - Cal era o traballo que tiña Carballo Calero en Ferrol?
 - Cal foi o motivo polo cal non o puido recuperar?
 - Que outros traballos pensas que tampouco podía desenvolver ?

- 2) Carballo Calero consegue un traballo como conselleiro delegado no colexio Fingoy de Lugo grazas a un amigo. Fai unha redacción explicando unha ocasión na que ti axudaches a algún amigo/a.

- 3) Como te imaxinas que podería ser o colexio Fingoy naquela época? Debúxao.

- 4) Busca, nesta sopa de letras, o nome de 5 asignaturas que se podían ter impartido no colexio Fingoy no que traballaba Carballo Calero: ARTE, MATEMATICAS, SOCIAIS, LINGUA E NATURAIS.






ACTIVIDADES – LÁMINA 6

Na 6ª etapa da viaxe, Carballo Calero está en Lugo facendo un gran traballo docente e de investigación.



- 1) Nesta época retomou o contacto cos amigos galeguistas, sobre todo con Francisco Fernández del Riego. Recorta esta foto antiga na que aparecen os dous amigos cando eran xoves para facer un crebacabezas. Xoga con el as veces que queiras.





- 2) Como podes ver na lámina, publicou un traballo de investigación docente titulado “Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea”; pero nesa época tamén realizou outras publicacións como “Sete poetas” ou “Salterio de Fingoy”. Imaxina como podería ser a portada destes dous libros e debúxaas.
- 3) En 1958 foi nomeado membro da Real Academia Galega. Decora, coa técnica artística que máis che guste, as súas siglas.

R A G

- 4) Recorta o membrete da Real Academia Galega e colócalle un lazo para facer a túa propia medalla de académico.





ACTIVIDADES – LÁMINA 7

Na 7ª etapa, Carballo Calero regresa a Santiago de novo.

- 1) Autorízaselle para volver a exercer como cargo público, polo que comeza a impartir clases na universidade de Santiago de Compostela. Colorea o escudo da universidade.



- 2) En 1972 consegue unha cátedra, despois de observar a lámina, saberías dicir cal é?

- 3) Despois de observar a lámina contesta ás seguintes preguntas:

- Que monumento de gran importancia aparece na lámina?
- En que cidade se atopa?
- Como se chama a praza na que está a súa entrada principal?
- Coñeces outros monumentos importantes desta cidade? Cales?
- Elixes un dos monumentos que coñeces e redacta unha breve descrición para que os teus compañeiros/as o coñezan.



ACTIVIDADES – LÁMINA 8

A 8ª etapa desta longa viaxe, representa a xubilación de Carballo Calero a partir do ano 1980.



- 1) Na lámina podes ver a Carballo Calero sentado no seu despacho escribindo. Que xéneros literarios aparecen reflexados na lámina? Explica brevemente en que consiste cada un deles.
- 2) Despois de observar a lámina, fai un listado das 10 obras literarias que aparecen nela. Despois escolle unha delas e debúxalle unha portada ben bonita.
- 3) Ordena as letras destas palabras para atopar os 4 xéneros literarios que practicou Carballo Calero.

SESNOAI - _ _ _ _ _

PSOEAI - _ _ _ _ _

ATANRRIAV - _ _ _ _ _

ETARTO - _ _ _ _ _

- 4) Intenta escribir unha palabra relacionada con Carballo Calero, que comece por cada unha das letras de xubilación.

X _____

U _____

B _____

I _____

L _____

A _____

C _____

I _____

O _____

N _____



ACTIVIDADES – LÁMINA 9

Esta 9ª etapa representa os derradeiros anos da súa vida e, finalmente, a súa morte no ano 1990.



- 1) Carballo Calero recibiu, en 1984, a Medalla Castelao, que é unha das distincións máis importantes de Galicia. Na lámina podes ver como é a medalla orixinal, agora intenta lembrala e reproducéa do xeito máis parecida posible.



- 2) A continuación aparecen as sinaturas de Carballo Calero, o homenaxeado deste ano, e a de Castelao, o escritor que dá nome á medalla e, a cal está inspirada na cruz aspada que aparece na portada do seu libro “As cruces de pedra en la Galiza”. Fai boliñas de papel de seda e pégaas por riba das sinaturas para que queden en relevo. Tamén podes facer o mesmo coa túa sinatura.





Castelao




3) Fíxate ben na lámina 9 e atopa as 8 diferenzas coa que aparece aquí.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

9ª ETAPA: En 1984 recibiu a Medalla Castelao e, en 1990, morreu en Santiago de Compostela aos 79 anos.



4) Fai o seguinte encrucillado sobre a 9ª etapa da viaxe de Carballo Calero.



HORIZONTAIS

VERTICAIS

- | | |
|---|---|
| <p>3. Primer apelido do homenaxeado das Letras Galegas 2020.</p> <p>4. Fin da vida. A de Carballo Calero tivo lugar en 1990.</p> <p>6. Século no que viviu Carballo Calero.</p> <p>7. Placa de metal que se lle concede a alguén para honralo por algún mérito.</p> <p>8. Cor de fondo da Medalla Castelao.</p> <p>9. Lingua propia de Galicia que defendía Carballo Calero.</p> <p>11. Cidade natal de Carballo Calero que aparece na dedicatoria da coroa funeraria.</p> <p>14. Ordinal que indica a etapa da viaxe de Carballo Calero que representa esta lámina.</p> <p>15. Lousa con algunha inscrición gravada que se coloca sobre unha sepultura.</p> <p>16. Carballo Calero tiña 79 cando morreu.</p> <p>17. Número de esquelas que aparecen na lámina 9.</p> | <p>1. Escritor galego que lle deu nome á gran distinción que recibiu Carballo Calero en 1984.</p> <p>2. Esta formada por flores postas en círculo e, na lámina é de cor rosa e vermella.</p> <p>5. Nome propio de Carballo Calero.</p> <p>10. Notificacións sobre a morte dunha persoa que se publica nos xornais.</p> <p>12. Cidade galega na que morreu Carballo Calero.</p> <p>13. Número de follas debuxadas na lámina 9.</p> |
|---|---|



ACTIVIDADES – LÁMINA 10

Chegamos á 10ª etapa da viaxe, a derradeira, coa que finalizamos este traxecto pola vida de Ricardo Carballo Calero.



- 1) Completa o título desta última lámina, atopando as consonantes que faltan.

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z	
2				1				19						21						5						
O		U		E		O		A		ÚA		E		O		I		A								
26	21	8	5	26	1	8	14	21	12	8	2	12	2	26	1	26	21	16	19	2						

- 2) Na lámina fálase de 3 monumentos que levan o nome de Carballo Calero, e que se atopan ou desenvolven en Ferrol. Saberías dicir que tipo de monumentos son? Arrodea as respostas correctas.

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

COLEXIO DE PRIMARIA

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL

UNIVERSIDADE

TEATRO

CENTRO CULTURAL

CERTAME DE BAILE REXIONAL

PISCINA MUNICIPAL

CERTAME DE NARRATIVA E INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA



3) Imaxina que vas participar no “Certame Literario Carballo Calero”; escribe un relato curto ou unha poesía relacionada con algo do que aprendiches nesta viaxe con Carballo Calero.

4) Utiliza a túa imaxinación para fabricar o trofeo para o gañador do “Certame Literario Carballo Calero”. Poder utilizar os materiais que máis che gusten.

ACTIVIDADE FINAL

Para rematar, podes xogar á Oca de Carballo Calero.




CONCLUSIÓN

Non atoparíamos mellor maneira de que o noso alumnado se impregnase da vida e a obra do homenaxeado das Letras Galegas 2020, Ricardo Carballo Calero, que facendo esta viaxe con el.

Foi un proxecto tremendamente produtivo no que participou todo o alumnado e todo o profesorado do centro; polo que neste traballo hai un pouquiño de cada un de nós.

Fixémolo con toda a ilusión do mundo e agardamos que o resto dos nenos e nenas de Galicia, se suban a este tren para poder facer con nós **A VIAXE DE CARBALLO CALERO**.



AGRADECEMENTOS

- ❖ A todo o alumnado e profesorado do centro polo seu traballo, ilusión e esforzo.
- ❖ Ao Concello da nosa cidade por facilitarnos material bibliográfico sobre o homenaxeado.
- ❖ Á Asociación de Persoas Xordas da nosa cidade pola súa colaboración traducindo os textos das láminas á linguaxe de signos.



BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- Carvalho Calero. Imaxe de Cen Anos. Concellería de Educación.
- https://es.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero
- https://www.abc.es/espana/galicia/abci-carballo-calero-sera-autor-homenajeadoletras-galegas-2020-201906221909_noticia.html
- <http://dbe.rah.es/biografias/10653/ricardo-carvalho-calero>
- https://es.wikipedia.org/wiki/Real_Academia_Gallega
- https://es.wikipedia.org/wiki/Seminario_de_Estudos_Galegos
- https://es.wikipedia.org/wiki/Francisco_Fern%C3%A1ndez_del_Riego
- https://es.wikipedia.org/wiki/Medalla_Castelao
- <http://www.arasaac.org/>

AGARDAMOS QUE DESFRUTARAN DA VIAXE... ATA SEMPRE!

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

1ª ETAPA: Nace en Ferrol en 1910. Nas décadas de 1910 e 1920 Ferrol modernízase e mellora as súas comunicacións

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

Traslado a Santiago

2ª ETAPA: Marcha a estudar Dereito e Filosofía e Letras á universidade de Santiago. Nesta etapa entrou en contacto cos movementos galeguistas da época.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

3ª ETAPA: Entre 1933 e 1936 volve a Ferrol a traballar de auxiliar administrativo no Concello. Casa con Mª Ignacia Ramos e realiza numerosas publicacións en revistas literarias da época.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

4ª ETAPA: Estalla a guerra civil mentres se atopaba en Madrid e queda alí a loitar pola defensa de Madrid no bando republicano.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

5ª ETAPA: Despois de pasar 12 anos no cárcere, regresou á súa terra natal pero non puido recuperar o seu traballo no Concello porque estaba inhabilitado para exercer cargo público. Ante esta circunstancia, axudado por un amigo, en 1950 marcha a traballar como conselleiro delegado ao colexio Fingoy de Lugo.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

6ª ETAPA: En Lugo restableceu o contacto cos galeguistas. Publicou un traballo de investigación docente e, en 1958 foi membro da Real Academia Galega

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

7ª ETAPA: Volta a Santiago en 1965 para impartir clases de lingua na universidade. E, uns 7 anos máis tarde acada a cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

8ª ETAPA: Xubilábase en 1980 pero segue mantendo a súa actividade creadora, acumulando obras de diversos xéneros literarios: ensaios, poesía, narrativa e teatro.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

9ª ETAPA: En 1984 recibiu a Medalla Castelao e, en 1990, morreu en Santiago de Compostela aos 79 anos.

A VIAXE DE CARBALLO CALERO

10ª ETAPA: Os monumentos na súa memoria máis significativos atópanse en Ferrol, a súa cidade natal. Alí conta cun instituto de educación secundaria, un centro cultural e un prestixioso certame de narrativa e investigación lingüística que levan o seu nome.